



PARTICIPACIÓN FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2024/2025

- **Normativa: Orde do 7 de maio de 2024 (DOG 20/05/2024)**
- **Prazo de presentación de solicitudes:**
 - 21 de maio ata 21 de xuño de 2024.
- **Lugar de presentación:**
 - Preferentemente por vía electrónica no formulario normalizado (ED330B) dispoñible na aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave 365.
 - Presencial na secretaría do centro
- **Requisitos:**
 1. Alumnado matriculado no curso 2024/2025 en:
 - Fondo solidario: 3º e 4º de Ed. Primaria
 - Axudas libros: 1º e 2º de Ed. Primaria
 - Axudas material: Todos os cursos de Ed. Primaria e ESO
 - **O alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO que participa no proxecto E-Dixgal non ten dereito a fondo solidario nin axuda de libros pero si pode solicitar a axuda para material escolar.**
 2. O alumnado de 3º e 4º de Ed. Primaria deberá devolver os libros que recibiron do fondo.
- **Contía das axudas: en función da renda da unidade familiar. Terase en conta o exercicio fiscal 2022**
 - Fondo solidario:**
 - Renda igual ou inferior a 6.000€: 6 libros
 - Renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 4 libros
 - **Axuda para adquisición de libros de texto:**
 - Renda igual ou inferior a 6.000€: 240€
 - Renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 160€
 - Axuda adquisición material escolar:**
 - Renda igual ou inferior a 6.000€: 75€
 - Renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€: 60€
- **Renda per cápita da unidade familiar: Exercicio fiscal 2022**

Cálculo da renda familiar = (casilla 435+ casilla 460) /número de membros da unidade familiar*. De non presentar a declaración teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.



*Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2022)

- Pais non separados legalmente nin divorciados ou titores
- Fillos menores de idade salvo os emancipados
- Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade
- Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2022
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida
- A persoa que por novo matrimonio, unión de feito ou análoga ás anteriores resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado agás nos casos de custodia compartida.
- Cando non exista matrimonio, a unidade familiar enténdese constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan.

▪ **Documentación a presentar:**

1. Solicitude. Anexo I
2. Anexo II
3. Copia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia hai que presentar algún dos seguintes:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio, ou de ser o caso, convenio regulador onde conste a custodia do menor.
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar
4. No caso de discapacidade igual ou superior o 33% certificado acreditativo.
 5. No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite.

Friol, 21 de maio de 2024

- ❖ **A solicitude será única para todos os fill@s matriculados no mesmo centro. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumn@.**